



ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL
03.11.2021

LUGAR: Paraninfo do edificio Ernestina Otero – Campus de Vigo

DATA: 03.11.2021

HORA DE COMEZO: 12:00

HORA DE REMATE: 14:10

LISTA DE PARTICIPANTES

Añel Cabanelas, María Elena
Atanes Limia, Xosé Manuel
Calviño Rodríguez, Xulio
Castro Mouzo, Mercedes
Cebro Rodríguez, Xoán
Cendón Alonso, María Teresa
Crespo Tobío, Silvia
Fernández Zunzunegui, Emilio
Franco García, José María
García Míguez, María de los Ángeles
Graña Nogueiras, Jesús
Larriba Leira, María Elvira
López Fernández, Yolanda
Martín Moreno, José María
Martiño Gómez, Antonio
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Ojea Bouzo, Armando
Ortiz Álvarez, Ana María
Pedrosa Silva, Ernesto
Pérez Puga, Gerardo Ramón
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Santamaría Conde, Juan José
Souto García, Raquel María
Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel

ESCUSAN PARTICIPACIÓN

Blanco Gómez, César
Izquierdo Martínez, Francisco Gustavo
Macho Senra, Antonio
Novoa Rodríguez, María Sol

NON PARTICIPARON

Blanco Rial, María Gloria
Couto Cancela, Daniel
Sánchez Gándara, Rosa María

SECRETARIO

Rodríguez Iglesias, Ignacio



O mércores, 3 de novembro de 2021, ás 12:00 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (23.09.2021).
2. Informe do presidente.
3. Informe do Reitor.
4. Informe que proceda sobre as propostas de verificación de títulos de Grao e Máster para o curso 2022/2023 da Universidade de Vigo. (Consello de Goberno do 27 de outubro de 2021).
5. Informe que proceda sobre a creación do Centro de Investigación para Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC). (Consello de Goberno do 1 de outubro de 2021).
6. Aprobación, se procede, da reasignación definitiva das Bolsas-colaboración asignadas á Universidade de Vigo para o curso 2021/2022.
7. Aprobación, se procede, da edición dixital do "Estudo sobre o impacto laboral da segunda onda da pandemia da COVID-19 nos titulados da Universidade de Vigo", elaborado polo Observatorio de persoas tituladas da Universidade de Vigo co apoio do Consello Social.
8. Asignación de complementos a profesores, correspondentes á convocatoria de 2020, polo labor docente e investigador, pola excelencia curricular e polos cargos de xestión, consonte resolucións da ACSUG.
9. Informe sobre a Oferta de Emprego Público de persoal docente e investigador da Universidade de Vigo para o ano 2021. (Consello de Goberno do 27 de outubro de 2021).
10. Informe sobre o acordo de funcionalización do persoal laboral fixo de administración e servizos da Universidade de Vigo e da relación de postos de traballo (RPT) derivada do mesmo. (Consello de Goberno do 27 de outubro de 2021).
11. Aprobación, se procede, dunha nova convocatoria de Prácticums para o ano 2022, e da dotación económica correspondente. Revisión das bases.

Propostas e acordos da Comisión de Actividades e Servizos (4 de outubro de 2021)

12. Ratificación, se procede, da proposta de colaboración co programa "eDestrezas", para fomentar as competencias dixitais da comunidade universitaria nos tres Campus.
13. Outros acordos, axudas e iniciativas.
14. Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo no mes de setembro de 2021.
15. Rogos e preguntas.

O presidente agradece a asistencia dos presentes, e expresamente a do vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, Manuel Ramos, para informar sobre asuntos da súa competencia.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (23.09.2021).

Juan José Santamaría solicita a supresión dunhas afirmacións sobre a súa persoa feitas polo presidente no punto 7, por entender que non amosan crítica construtiva e o colocan en situación de indefensión. O presidente, se ben afirma que as pronunciou e son súas, acepta que se retiren, "en aras da positividade" e o entendemento.

- ***Apróbase por asentimento.***



PUNTO 2

Informe do presidente.

Ernesto Pedrosa fai un chamamento a manter predisposición activa e actitude positiva dos últimos anos, “nos que aínda os debates máis tensos se moveron sempre dentro da corrección, a xenerosidade e a dialéctica respectuosa, asumida sempre por todos e cada un dos membros presentes en cada etapa”, e manifesta que “así debe seguir sendo”.

De seguido reflexiona sobre os riscos do afán revisionista que está a afectar á universidade no seu conxunto –“por momentos impetuoso”- e dá conta dalgúns datos sobre formación e emprego que amosan como as universidades teñen aportado coñecemento, formación, capacidades e horizontes a varias xeracións. Despois de referir os decretos e normativas que están a configurar un ano convulso e desconcertante, o presidente afirma que “seguro que haberá que modificar, adaptar e transformar cousas porque a LOU cumpre 20 anos e os tempos son outros, pero hai que facelo sen perder altura”.

Respecto da LOSU, e á espera de que se consolide un texto que supere as diferencias aínda non resoltas, “porque a institución superior é un motor de país, e os intereses sociais deben estar no centro e no cumio da reforma”, para que as universidades sigan a prestar o seu valioso e insubstituíble servizo público “coa capacidade de xestión, transparencia e rendición de contas que esixen os novos tempos”.

Engade o presidente que o futuro pasa polas alianzas entre universidades, “e non tanto por visións localistas”. Afirma que tamén pasa pola axilidade para responder ás necesidades formativas da sociedade, pero avanzando sempre na docencia, a investigación e a transferencia colaborativas. Celebra que o sistema universitario galego camiñe nesa dirección, e pon como exemplo o Grao e o Máster en Intelixencia Artificial que, ao ser interuniversitarios, garanten a multidisciplinariedade das ensinanzas e o mellor aproveitamento do saber, existentes nos diferentes centros”. Por contraposición, lamenta que esta disposición e visión de futuro non teña chamado aínda no Máster de Enxeñaría Aeronáutica, “que se está revelando como unha anomalía do sistema na que non se está a protexer que a capacidade, interese e esforzo da UVigo non estean sendo correspondidos lealmente, e que chegados a este punto require alternativas, porque a espera indefinida non pode ser unha delas”. Dá conta neste intre da carta remitida pola Plataforma Pro-Campus de Ourense referendada por dúas mil firmas, na que se solicita que o Máster en Enxeñaría Aeronáutica se imparta en exclusiva en Ourense, como única solución para que se poida ofertar no curso 2022/2023. Recoñece Ernesto Pedrosa a labor da Plataforma e a sensibilidade social sobre este asunto, e ratifica o seu apoio á opción que garanta a implantación canto antes.

Comprácese, finalmente, porque a UVigo teña acadado acordos para convocar a maior oferta de emprego público da súa historia e pola funcionarización do PAS laboral, e subliña a importancia de que exista esa atmosfera de “confianza e lealdade” para resolver con consenso os problemas colectivos da universidade.

Remata dando conta dunha axuda de 1.104,25 € a unha iniciativa de estudantes promovida dente a Escola de Minas, para organizar actividades conxuntas; e resposta a cuestións, suxestións e consultas expostas no anterior pleno por distintos membros, sobre deducións a colectivos nas matrículas de títulos propios e sobre as bases do programa “Ourense rural”.

PUNTO 3

Informe do reitor.

Anticipa Manuel Reigosa a firma inminente do novo Plan de financiación das universidades indicando que, se ben non cumpre todo o solicitado, “si é para estar moi satisfeitos” polo acordo acadado entre as tres universidades e as dúas Consellerías implicadas, que vai mellorar as condicións do SUG e que no caso da UVigo poderase comprobar xa no próximo orzamento que se presente.

Comunica o Reitor que se recibiron informes favorables para seis titulacións de Grao, Máster e Doutoramento remitidas en xullo pola UVigo, e con incidencias salvables para a verificación do Grao en Deseño e o Grao en Enxeñaría da Automoción. Expón as infraestruturas e dotacións previstas en cada caso, así como as alianzas previstas neste último, que cualifica de “pioneiro” en Galicia. Sobre o Máster en Enxeñaría Aeronáutica aclara que non hai avances significativos e que seguen a manterse reunións coa Escola de UDC.

Anuncia de seguido a intención de implantar “no próximo mandato” unha Oficina para a diversidade, e destaca diversas novas referidas as Bolsas de excelencia para a mocidade exterior, que



permitirá realizar mestrados a 80 alumnos; ao programa de innovación aberta coas empresas, promovido dende a Área de Emprego, que proporán retos para os TFG e os TFM; e os cursos de distintos niveis que está a organizar a Escola aberta de formación permanente.

Entre os recoñecementos, iniciativas e proxectos que protagoniza, promove ou prepara a UVigo e que achegan a institución ás empresas, colectivos diversos ou á sociedade en xeral, sinala, entre outros, o Premio Xela Arias, que concede a Asociación galega de profesionais da Tradución, á revista "Viceversa". Revista galega de Tradución, polo que felicita a Ana Luna e Alberto Álvarez; a exposición sobre ciencia e arte, na Biblioteca central; a organización do Pont-Up Store e a Pedro Figueroa; as novas convocatorias do INCUVI: Emprende, Avanza e Consolida; os proxectos de futuro sobre 5G e felicita aos investigadores de atlantTic involucrados; o novo convenio entre a UVigo, a Xunta de Galicia e o Sergas para consolidar o Instituto de investigación sanitaria Galicia Sur; a Facultade de Filoloxía e Tradución por acadar o primeiro Distinto de Igualdade; e as actividades divulgativas desenvolvidas no marco do evento G-Night nos tres Campus, con preto de 1.200 participantes.

Remata este apartado con parabéns a investigadores e profesores que recibiron distintos premios, galardóns ou nomeamentos.

Sobre o anteproxecto da LOSU manifesta que no novo borrador presentado desaparecen moitos trancos, e confía que outros se poidan solucionar co diálogo. Sinala cuestións a mellorar, temáticas discutibles e asuntos concretos de difícil aceptación. Asemade compara algunhas novidades do anteproxecto con obxectivos reais. Engade que a provisionalidade do borrador aconsella non profundar máis e resume as principais modificacións previstas para os Consellos Sociais: presidente elixido polos membros para un período único de seis anos, a elección do 50% dos membros polo Parlamento, e a facultade de elixir o 10% do Consello de Goberno.

Por último destaca e detense en valorar a creación do Centro interuniversitario en paisaxes atlánticas culturais (CISPAC), a Oferta de emprego público de PDI para 2021, e o Acordo de funcionarización do PAS laboral fixo, asinado pola Xerencia e a Comisión tripartita.

(Martin Moreno abandona a reunión neste punto).

PUNTO 4

Informe que proceda sobre as propostas de verificación de títulos de Grao e Máster para o curso 2022/2023 da Universidade de Vigo. (Consello de Goberno do 27 de outubro de 2021).

Intervén o vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado. Manuel Ramos agradece a invitación para dirixirse ao Pleno, informa do prazo excepcional aberto para poder verificar titulacións que amosaban dificultades para ser presentadas en xullo, e subliña distintas características e circunstancias dos tres títulos interuniversitarios que se propoñen (Grao en Intelixencia artificial, Máster en Intelixencia artificial -os dous a impartir en Ourense-, e Máster en Ensinanza de español como lingua estranxeira ou segunda lingua -a impartir no Campus de Vigo-). Sobre os dous primeiros apunta que partían dunha situación difícil polas pretensións de exclusividade que tiñan a USC e a UDC, polo que agradece o traballo dos equipos redactores que elaboraron as memorias. Respecto do último título afirma que ven a cubrir un déficit de formación que había en Galicia e que o acordo tampouco foi fácil porque había unha proposta inicial da USC e outra conxunta da UVigo e a UDC.

- ***O Pleno informa favorablemente.***

PUNTO 5

Informe que proceda sobre a creación do Centro de Investigación para Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC). (Consello de Goberno do 1 de outubro de 2021).

Explica o presidente que se trata dunha iniciativa interuniversitaria vencellada á investigación das ciencias sociais e humanas, que se sitúa no edificio Fontán, da Cidade da Cultura, en Santiago. O Reitor ofrece a posibilidade de ampliar a información a través da vicerreitora de Investigación, presente la sala.

- ***O Pleno informa favorablemente.***



PUNTO 6

Aprobación, se procede, da reasignación definitiva das Bolsas-colaboración asignadas á Universidade de Vigo para o curso 2021/2022.

O secretario contextualiza esta fase de adxudicación dentro do procedemento iniciado o pasado mes de xuño, cando se recibiron as peticións dos diferentes departamentos que tiñan candidatos a bolseiros e procedeuse a unha asignación previa tendo en conta as bases da convocatoria. Aclara a importancia das notas dos estudantes nesta adxudicación definitiva, na que se reaxustan as vacantes consonte as renuncias rexistradas ou peticións denegadas das solicitudes presentadas en xuño, por non cumprir os requisitos.

- ***O Pleno dá a súa aprobación.***

PUNTO 7

Aprobación, se procede, da edición dixital do "Estudo sobre o impacto laboral da segunda onda da pandemia da COVID-19 nos titulados da Universidade de Vigo", elaborado polo Observatorio de persoas tituladas da Universidade de Vigo co apoio do Consello Social.

Dá conta o presidente da petición feita pola dirección do Observatorio, resaltando que a enquisa efectuada permite coñecer o impacto laboral, sanitario, e o modo de traballar das persoas tituladas que desenvolven as súas profesións non só en Galicia senón tamén en España e en distintas partes do mundo. Matiza que despois de recoller estes estudos en publicacións impresas, a opción que se presenta contempla unha versión facsímile bilingüe, máis manexable e dinámica, e de menor coste. Vistos os orzamentos presentados, eléxese o de Gráficas Roel, por un importe total de 3.884,40 € incluíndo deseño, maquetación e 350 exemplares.

- ***O Pleno dá a súa aprobación.***

PUNTO 8

Asignación de complementos a profesores, correspondentes á convocatoria de 2020, polo labor docente e investigador, pola excelencia curricular e polos cargos de xestión, consonte resolucións da ACSUG.

Ernesto Pedrosa clarifica a competencia do Consello Social neste punto e remite os acordos de valoración adoptados pola Comisión galega de informes, avaliación, certificación e acreditación, así como as diferentes resolucións correspondentes da ACSUG, que se traen ao Pleno.

- ***O Pleno acorda a asignación.***

PUNTO 9

Informe sobre a Oferta de Emprego Público de persoal docente e investigador da Universidade de Vigo para o ano 2021. (Consello de Goberno do 27 de outubro de 2021).

Subliña o vicerreitor Manuel Ramos que con esta oferta acádase un dos obxectivos importantes do equipo de goberno. Pormenoriza o número de prazas que comprende (111), como se distribúen e como se xeran, e comunica que foi autorizada pola Consellería de Facenda. Amosa a evolución das OPE durante os últimos anos e conclúe que a que se presenta nesta sesión é a máis alta que fai a UVigo. Pormenoriza os pasos dados e a situación en cada unha das tres categorías, achegando o obxectivo de baleirar as bolsas e confiando en que en adiante as interinidades non duren máis de tres anos e que todas as persoas que queiran promocionar ou facer fixa a praza de interino o poidan facer, o que beneficiará aproximadamente ao 25% do profesorado permanente da UVigo.

- ***O Pleno dá a súa conformidade.***



PUNTO 10

Informe sobre o acordo de funcionarización do persoal laboral fixo de administración e servizos da Universidade de Vigo e da relación de postos de traballo (RPT) derivada do mesmo. (Consello de Goberno do 27 de outubro de 2021).

Toma a palabra a xerente para cualificar de "bo acordo" que foi ratificado polo Consello de Goberno e asinado pola Xerencia e a Comisión tripartita de funcionarización na que están presentes os representantes da xunta de persoal como os comités de empresa de Ourense e de Pontevedra, para establecer un modelo único de función pública para someter a todo o persoal ao mesmo réxime xurídico de funcionario, e propiciar unha maior estabilidade e seguridade no emprego do PAS laboral e unha homologación retributiva co PAS funcionario, dando cumprimento a unha demanda de moitos anos, incrementando as posibilidades de promoción e carreira profesional do PAS laboral. Engade que establece o procedemento para adquirir a condición de funcionario de carreira por parte do persoal fixo da UVigo, sobre 270 persoas. Matiza que como paso previo é necesario aprobar a RPT, para iniciar o proceso de funcionarización, que require un proceso selectivo e que conta co informe favorable da Comisión tripartita e da Consellería de Facenda. Agradece o apoio unánime dos comités e a labor da xunta de persoal na consecución do acordo.

Tras aclarar Raquel M^a Souto unhas consultas de Armando Ojea, toma a palabra Xan Cebro para dar os parabéns e felicitar á Xerencia e ao Reitor, e agradecer o ambiente de negociación propiciado polas dúas partes. Lamenta que este ambiente e este acordo non fora posible co anterior equipo de goberno. Avoga por seguir traballando todos xuntos e que se manteña esa liña de negociación e acordos, e que Manuel Reigosa renove o seu mandato porque cumpriu todo o referido ao PAS.

Emilio Zunzunegui sumase as palabras de Cebro e lembra que a situación é mellor que en etapas pasadas das que foi testemuña directa. A xerente, finalmente, agradece á parte social a súa actitude conciliadora que neste caso chegaron a un consenso.

- ***O Pleno informa favorablemente.***

PUNTO 11

Aprobación, se procede, dunha nova convocatoria de Prácticums para o ano 2022, e da dotación económica correspondente. Revisión das bases.

Introduce e desenvolve o presidente as liñas básicas e obxectivos da convocatoria. O secretario aclara que na documentación que se achega figuran as cantidades concedidas e gastadas a día de hoxe, o que cualifica de provisional porque é habitual que o gasto se incremente notablemente nos días que faltan para pechar contablemente o exercicio, engadindo que a non utilización completa das axudas concedidas ten penalización nas solicitudes da seguinte convocatoria.

- ***O Pleno dá a súa aprobación.***

PUNTO 12

Ratificación, se procede, da proposta de colaboración co programa "eDestrezas", para fomentar as competencias dixitais da comunidade universitaria nos tres Campus.

O presidente dá conta da proposta que se eleva con informe favorable da Comisión de Actividades e Servizos, significando o interese e aceptación que acada entre a comunidade universitaria.

- ***O Pleno ratifica a aprobación.***

PUNTO 13

Outros acordos, axudas e iniciativas.

Consonte a documentación remitida aos membros, na que se resumen sucintamente os acordos da Comisión de Actividades e Servizos, o presidente dá visibilidade aos que considera máis destacados.

- ***O Pleno dáse por informado.***



PUNTO 14

Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo no mes de setembro de 2021.

- *O Pleno dáse por informado.*

PUNTO 15

Rogos e preguntas.

Como primeira cuestión o presidente deixa constancia dun escrito presentado por Xosé Manuel Atanes expresando o seu malestar pola sentenza dunha xuíza de Marbella que, a seu xuízo, "denigra o mundo rural galego" ao argumentar sobre a custodia compartida dun bebé, que un pobo da Galicia profunda non é un boa lugar para vivir, fronte a "cosmopolita Marbella". Ernesto Pedrosa entende que non é cuestión do Consello Social, se ben comparte o malestar pola negativa valoración recollida na sentenza.

Elvira Larriba pide que a información para os Erasmus se facilite con maior antelación, xa que detecta que para moitos estudantes chega moi tarde e obstaculiza a súa internacionalización e a mobilidade europea. O Reitor demanda máis datos ao respecto, e aclara que o estudantado de cada centro, cando marcha, leva asinado un convenio polo cal a súa facultade ou escola garántelle que se segue os créditos correspondentes os vai a ter recoñecidos. Afirmar que "non se van sen sabelo", e engade que os convenios cos centros son estables e permiten sabelo con antelación. Interésase por saber se hai algún centro con dificultades para dispoñer da información e poder axudalo.

Pide a palabra Juan José Santamaría para aplaudir a iniciativa sobre as Paisaxes Atlánticas (punto 5) "na confianza de que produza efectos frutíferos". Súmase tamén aos parabéns sobre a Oferta Pública de Emprego e pola saída de tantas prazas para os docentes (puntos 9 e 10). Considera que o PDI segue necesitando mais apoio administrativo no desenvolvemento dos proxectos de investigación, "pois semella que a Universidade de Vigo está en xeral por debaixo desta media respecto a outras universidades". E, "visto o envellecemento producido nos últimos 10 anos polas baixísimas taxas de reposición", roga que se manteña e acrecente no posible esta política de persoal. No tocante ao contido do punto 12 cualifícao como "decisivo" nas necesidades presentes de transformación dixital, "e o custo semella asumible".

Asemade, Juan José Santamaría entrega ao Reitor documentación descargada da Web da UVigo, na que o Curso de Auditoría e Contabilidade aparece anunciado como Máster e non Máster propio e como de Especialista e, "de mais a mais, como título con validez en todo o territorio do Estado". Finalmente reitera a petición realizada en decembro de 2020, para que se tramite, perante o Presidente da Axencia Tributaria Estatal, o recoñecemento do Máster de Comercio Internacional para os egresados que desexen opositar a representante aduaneiro e como Operador económico autorizado na Unión Europea e no resto do mundo. Entre os títulos recoñecidos hai Másteres oficiais, títulos non oficiais e mesmo módulos como o parcial denominado "Gestión del comercio internacional" de Formación Profesional Superior (1º Nivel do MECES: Marco Español de Cualificacións da Educación Superior), independentemente de que o alumnado teña obtido o Título de FP Superior correspondente. "Mentres non se tramita tal solicitude, os nosos egresados do Máster de Comercio Internacional quedan en inferioridade de condicións que os titulados de Educación Superior e non titulados nos niveis do MECES que si están eximidos do exame teórico para o acceso a tais representacións aduaneiras. A empregabilidade dos seus egresados é tamén unha función da Universidade e, de mais a mais, do Consello Social". Agradece o Reitor a información e aclara que o Curso de Auditoría e Contabilidade é un curso de especialista, non un Máster propio, e toma nota para acláralo coa denominación correcta.

Pregunta Jesús Graña sobre o custo que representan as novas 111 prazas de PDI y cal é o impacto económico que ten sobre el capítulo 1, e interesa a mesma resposta respecto da funcionarización tratada no punto 10. Aclara Manuel Ramos que cada ano apróbase a OPE do ano seguinte e execútase o anterior, e sinala que a Xunta xa solicitou en xullo unha previsión sobre a masa salarial para 2022, xa aprobada, e incorpórase perfectamente nese orzamento. Explica as circunstancias de cada unha das categorías e manifesta que o impacto global non é moi grande. A xerente ofrece tamén as aclaracións pertinentes no que afecta ao custo da funcionarización do persoal laboral fixo de administración e servizos.

Juan Manuel Vieites adhírese as felicitacións polos acordos laborais e estende os parabéns polo traballo en actividades e formación de futuro que precisan as empresas (como é o caso da Intelixencia



Artificial e demais), e anima a continuar ese camiño "porque as empresas necesitan capital humano formado, e a UVigo está a facelo ben".

Xosé Manuel Atanes transmite parabéns pola creación do Centro de investigación para paisaxes atlánticas culturais e o desexo de que as tres universidades sigan colaborando e traballando conxuntamente como unha soa a prol da economía galega.

Elena Añel maniféstase en contra de que se prorogue o mandato dos presidentes dos Consellos Sociais, como se recolle na Lei de acompañamento dos orzamentos de Galicia para que poidan continuar máis tempo, e entende que os límites deberían ser os oito anos actuais ou os seis que se propoñen no anteproxecto da LOSU, "independentemente da idoneidade das persoas". Expresa tamén os parabéns polos acordos en materia de persoal. Finalmente manifesta que "entrístece" comprobar que a terceira promoción do Grao en Enxeñaría Aeroespacial vaia quedar tamén sen posibilidade de cursar o Máster, e pide que se traballe para conseguilo e que sexa canto antes.

Sobre esta mesma causa pronunciase Armando Ojea, que dá conta dunha declaración unánime do Pleno da Deputación provincial de Ourense de 29 de outubro de 2021, dirixida á Xunta de Galicia, e á que da lectura:

"As Universidades de Vigo e da Coruña levan preto de dous anos traballando na posibilidade de que o Máster en Enxeñaría Aeronáutica sexa compartido entre as dúas institucións académicas como título interuniversitario. Dito traballo non ten dado os froitos apetecidos e o máster non está implantado aínda. Deste xeito, as dúas primeiras promocións de graduados/as do único título que da acceso ao máster, o Grao en Enxeñaría Aeroespacial do campus de Ourense, téñense visto obrigadas a abandonar a nosa comunidade autónoma para continuar a súa formación académica. E segundo as nosas informacións, a situación actual é, como ten sido desde o principio, que as esixencias da Escola de Camiños da Coruña non permiten nin sequera comezar a elabora o plan de estudos do título. Isto afecta potencialmente á terceira promoción, xa que o calendario oficial impón o vindeiro 15 de novembro como data límite para iniciar o proceso de verificación das titulacións que se desexen ofertar na primavera de 2022 para ser cursadas en setembro dese mesmo ano.

A única solución realista nestes momentos para esta terceira promoción é recuperar a fórmula de máster exclusivo, amplamente reivindicada desde Ourense en 2019 e para a que existe un plan de estudos aprobado daquela polo Consello de Goberno e o Consello Social da Universidade de Vigo. Non se trata de discutir se é máis axeitado un máster interuniversitario ou un exclusivo, senón de explorar a única vía para a que actualmente existe un plan de estudos que permite continuar coa tramitación do título para que así poida ser ofertado ao estudiantado da terceira promoción.

Por todo o exposto, instamos á Xunta de Galicia a que emita un informe previo de envío a verificación favorable para un Máster Exclusivo en Enxeñaría Aeronáutica no campus de Ourense antes da data límite do vindeiro 15 de novembro".

Pecha a sesión o presidente agradecendo a asistencia, as intervencións e a continuidade do clima positivo habitual nas reunións plenarias.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14:10 horas do 3 de novembro de 2021, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e Pr.,
O presidente do Consello Social,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias